



## ACTA DA REUNIÓN 24 DE XULLO DE 2014 DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A XESTIÓN DA PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL.

### PRESIDENTE:

D. Miguel Ángel Santalices Vieira  
Vicepresidente da Mesa do Parlamento de Galicia

### VOGAIS:

D<sup>a</sup>. Marisol Soneira Tajés  
Vicepresidenta 2<sup>o</sup> da Mesa do Parlamento de Galicia

D. José Manuel Balseiro Orol  
Secretario da Mesa do Parlamento de Galicia

D<sup>a</sup>. Raquel Rodríguez Carro  
Letrada do Parlamento de Galicia

D. José María Ameijenda Cuns  
Director da intervención xeral e asuntos económicos do Parlamento de Galicia

### SECRETARIO:

Don Santiago González Serrano  
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás 11,45 horas do día **24 de xullo de 2014**, reúnen-se as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación xeral das ofertas presentadas para tomar parte na contratación administrativa, mediante procedemento aberto, para a xestión da produción audiovisual.

### Orde do día:

Punto único.- Constitución da Mesa de contratación e apertura e exame da documentación incluída nos sobres "A" (Capacidade para contratar e solvencia económica, financeira e técnica e profesional dos licitadores).

**Primeiro.**- Reunidos na sala o Sr. Presidente declara constituída a Mesa.

O Secretario achega a certificación do Letrado Oficial Maio do Parlamento de Galicia na que se fai constar que non se presentaron proposicións ao través do Rexistro da Cámara.

Ao constar a presentación da oferta da empresa Spica, s.l. ao través da plataforma de licitación electrónica do Parlamento, os membros da Mesa de Contratación accederon previamente á plataforma desde o seu perfil de usuario e contrasinal.

Polo tanto procédese a abrir na plataforma de licitación electrónica o sobre A presentado por Spica, s.l., comprobando que os arquivos presentados están validamente asinados electrónicamente; unha vez descargados os ficheiros procedese ao seu estudio.


**Segundo.**- Estudo da documentación contida no sobre A presentado pola empresa concorrente.

Examinada a continuación toda a documentación incluída no sobre A da proposición presentada, a Mesa de Contratación comproba que a empresa presenta a documentación

administrativa requirida segundo o establecido na cláusula sétima dos pregos, polo tanto acorda admitila para continuar no procedemento de contratación.

A Mesa de contratación acorda convocar a sesión pública de apertura do sobre B o venres 1 de agosto, trinta minutos antes da celebración da reunión de Mesa do Parlamento.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 12,10 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data indicados.




Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente




Marisol Soneira Tajés  
Vogal



José Manuel Balseiro Orol  
Vogal



Raquel Rodríguez Carro  
Vogal



José María Ameijenda Cuns  
Vogal



Santiago González Serrano  
Secretario